



Servizo de Sanidade Ambiental

Asunto	CONTESTACIÓN Á RESPOSTA DO PROMOTOR Ó INFORME DESTA DIRECCIÓN XERAL NO TRÁMITE DE AVALIACIÓN DE IMPACTO AMBIENTAL
Proxecto	PARQUE EÓLICO VALDEPEREIRA
Promotor	AEROGENERACIÓN GALICIA, S.L.
Localización	CONCELLOS DE LALÍN (PONTEVEDRA), O IRIXO (OURENSE)
Expediente	IN661A DXIEM-05/11

SOLICITANTE: Servizo de Enerxías Renovables e Eficiencia Enerxética de Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación.

FEITOS:

- O Servizo de Enerxías Renovables e Eficiencia Enerxética de Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación con data 02/12/2021 e número de rexistro de entrada 2021/2262493, presenta unha solicitude de informe, en relación ao estudo de impacto ambiental do proxecto de referencia.
- Con data 26/04/2022 e número de rexistro 2022/882133 a Dirección Xeral de Saúde Pública emite informe desfavorable sobre o proxecto.
- Con data 20/05/2022 e número de rexistro de entrada 2022/1076465, o Servizo de Enerxías Renovables e Eficiencia Enerxética da traslado da resposta do promotor ó informe desta Dirección Xeral de data 26/04/2022.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS:

Co fin de dar cumprimento ó establecido no artigo 37.2.i) da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, solicítase informe a esta Dirección Xeral no ámbito das nosas competencias.

De acordo con todo o indicado, emítese o seguinte

INFORME:

Vista a documentación remitida polo promotor en contestación ó informe previo desta Dirección Xeral, sen detrimento das competencias propias doutros organismos oficiais e dentro do ámbito de saúde pública, considéranse satisfeitos a

maioría dos requirimentos feitos no informe previo, non obstante, segue sendo necesario que se aporte información de aspectos que poden ter repercusión sobre a saúde da poboación:

- Co respecto á caracterización das poboacións próximas en relación coa poboación usuaria ou residente en establecementos máis vulnerables:

Debido á existencia de varios núcleos de poboación nun radio de 1500 m dende a posición dos aeroxeradores, deberá realizar unha descrición sobre os aspectos necesarios para a caracterización das poboacións próximas en relación coa poboación usuaria ou residente en establecementos máis vulnerables, segundo os criterios de avaliación desta Dirección Xeral recollidos no documento "Alcance do estudo de Impacto Ambiental para parques eólicos"

(<https://www.sergas.es/Saude-publica/Informes-sanitarios-avaliacion-ambiental>).

- En relación ao estudo preoperacional sobre os niveis sonoros da contorna:

Deberá remitir o correspondente informe relacionado ao estudo preoperacional en canto finalice a súa elaboración, para poder emitir o informe definitivo dende esta dirección xeral.

- En relación ao estudo acústico:

Consideramos a estimación de ruído presentada insuficiente, debido a que, para a fase de explotación, tan só tense en conta a emisión acústica de cada aeroxerador, segundo as características técnicas aportadas polo fabricante.

Deberá presentar un estudo acústico, tendo en conta algunhas das seguintes variables, como son: a topografía do terreo, condicións climatolóxicas, vexetación, etc. Deberá establecer o nivel sonoro en receptores (vivendas, pobos) dentro da área de influencia que permita avaliar se se respectan os valores límite indicados pola lexislación vixente.

Deberá contemplar medidas correctoras e protectoras en caso de superar os limiares establecidos, en fase de explotación.





Co respecto aos posibles efectos acumulativos ou sinérxicos en relación a outros parques da contorna, deberá presentar unha estimación tendo en conta as mesmas características que as contempladas para o estudo acústico.

- En relación ao parpadeo de sombras:

O proxecto recollerá as medidas mitigadoras a aplicar, no caso de superar o limiar de 8 h/ano, para o "caso real", e non 30 h/ano ou 30 min/día, como se refire na documentación, segundo os criterios de avaliación desta Dirección Xeral recollidos no documento "Alcance do estudo de Impacto Ambiental para parques eólicos"

(<https://www.sergas.es/Saude-publica/Informes-sanitarios-avaliacion-ambiental>).

Santiago de Compostela, na data e hora da sinatura dixital

O xefe do Servizo de Sanidade Ambiental

Manuel Álvarez Cortiñas

